



Boletín Nº 66. Lunes, 23 de marzo de 2009

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [BRIÓN](#)

EDICTO Pág. 4494 Reg. 09/3219-x.

[Anterior](#)[Siguiente](#)

Aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza fiscal número 3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o acordo plenario de data 26/11/2008, polo que se aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, enténdese automaticamente elevado a definitivo o citado acordo, polo que en cumprimento do artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publíquese o texto íntegro da ordenanza xa existente, que quedará redactada do seguinte xeito:

ORDENANZA FISCAL Nº 3-I

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º . Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 59, en relación cos seus artigos 92 a 99, do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo, de carácter obrigatorio.

Artigo 2º. Normativa aplicable.

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 3º. Feito imposable.

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas

vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nestes. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

Artigo 4º. Supostos de non suxección.

Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certámenes ou carreiras limitadas ós desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos.

Artigo 5º. Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as personas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria, a nome de quen conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 6º. Responsables.

Todo o relativo a os responsables deste tributo, determinarase de conformidade a o previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; na Lei Xeral Tributaria, artigos 41 a 43; no Regulamento Xeral de Recaudación e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenrolo.

Artigo 7º. Exencións.

Estarán exentos do imposto :

1. Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL) .

2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión, con anterioridade ó devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Este beneficio fiscal se lle recoñecerá os suxeitos pasivos mentres concurren as circunstancias que determinen o seu otorgamento, é dicir, a data de revisión de grado que aparece nas correspondentes certificacións de

minusvalía. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Aos efectos de conceder este beneficio fiscal , terán a consideración de persoas con discapacidade, según o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, aquelas a quenes se lles recoñeza un grao de minusvalía igual ou superior ó 33%. En todo caso consideraránse afectados en grao igual ou superior ó 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en o grado total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permenente para o servicio ou inutilidade.

Xunto coa petición de exención regulada no parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán adxunta -la seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- 1.-Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- 2.-Fotocopia do permiso de conducción (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 3.-Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 4.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo no que figure o conductor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.
- 5.-Fotocopia DNI.
- 6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.
- 7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- 8.-Estar empadroado no Concello de Brión.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos.

Vehículos destinados ó transporte de minusválidos:

- 1.-Fotocopia do certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste ademais do grao de minusvalía, si o

minusválido ten necesidade de asistencia de terceiras persoas e si ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

2.-Fotocopia do permiso de circulación a nome do minusválido. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

3.-Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.

4.-Fotocopia DNI do minusválido e do conductor habitual do vehículo.

6.-Fotocopia da ficha técnica do vehículo.

7.-Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

8.-Estar empadroadado no Concello de Brión.

Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes do Concello por tódolos conceptos, así como ó oportuno informe, en caso necesario da policía local.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por mais dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido, e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellería de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

3. A concesión ou denegación das exencións do artigo 93.1 apartados e) e g) da LFL será efectuada polo órgano competente, previo informe técnico.

Artigo 8º.Cota Tributaria.

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,10 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes :

TARIFAS

a) Turismos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	13,88 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	37,49 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	79,13 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	98,57 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	123,20 €

b) Autobuses

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	91,63 €
b.2	De 21 a 50 prazas	130,50 €
b.3	De máis de 50 prazas	163,13 €

c) Camións

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	46,51 €
c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	91,63 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	130,50 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	163,13 €

d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	19,44 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	30,55 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	91,63 €

e) Remolques e semiremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	19,44 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	30,55 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	91,63 €

f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	4,86 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	4,86 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,33 €

f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	16,66 €
f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c	33,32 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	66,64 €

2. Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas teránse en conta as seguintes regras:

a) en canto a clasificación dos vehículos, o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, que recolle nas súas letras "A", "B" e "C", as "Definicións", "Clasificación por criterios de Cons-trucción" e "Clasificación por criterios de utilización"

b) En canto a determinación da potencia fiscal, mediante as formulas recollidas no Anexo V do referido Reglamento Xeral De Vehículos.

3. No caso de que nas Leis de Orzamentos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,10 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Orzamentos estatais.

Artigo 9º. Bonificacións.

Establécense unhas bonificacións, ó abeiro do artigo 95.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo de :

1.-Para os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno establécense unhas bonificacións do 50%. Estes vehículos terán dereito a citada bonificación en función das características dos motores e a súa incidencia no medio ambiente.

Os interesados deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade a data do devengo do Imposto. En caso contrario, a concesión da bonificación terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os interesados deberán aportar a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

2.-Gozarán dunha bonificación do 100% na cota os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación o, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo o variante deixouse de fabricar.

Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de

antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma, ben por medio de copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data na que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. No caso de vehículos históricos acreditaráse aportando a catalogación como tal polo órgano competente da comunidade Autónoma.

O petionario deberá xustificar, asimismo, estar ao corrente no pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.

Os interesados deberán presentar a solicitude antes da data do devengo do imposto. En caso contrario a exención aplicarase desde o exercicio seguinte ao da solicitude. Declarada a bonificación pola Administración tributaria local, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

Artigo 10º. Período Impositivo e Devengo.

1. O período impositivo coincide co ano natural , agás nos casos de primeira adquisición de vehículos. Neste caso o período impositivo comenza o día en que produza a adquisición.
2. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
3. O importe da cuota do imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo.

Tamén procederá o prorrateo da cuota nos mesmos términos nos supostos de baixa temporal por sustracción ou robo de vehículo , e isto dende o momento en que se produza a citada baixa temporal no rexistro público correspondente.

Artigo 11.º Xestión tributaria do imposto.

1. A xestión , liquidación, inspección e recaudación , así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria corresponde o concello do domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.
2. Nos supostos de adquisición e primeira matriculación dos vehículos o cando estes se reformen, de xeito que altere a súa clasificación aos efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán ante a Administración municipal e con carácter previo a súa matriculación na Xefatura Provincial de Tráfico, no prazo de trinta días, que comezará a contar desde a data de adquisición ou reforma, autoliquidación do imposto, para o cal cumplimentarase o modelo-impreso aprobado por este Concello facendo contar los elementos tributarios determinantes da cota a ingresar.

Acompañarase:

- Documentación acreditativa da compra ou modificación do vehículo.
- Certificado das Características Técnicas
- DNI o CIF do suxeito pasivo.

Simultaneamente á presentación da autoliquidación, o suxeito pasivo ingresara o importe da cota do Imposto resultante da mesma.

Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional, en tanto que pola Administración municipal non se comprobe que a mesma efectouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. A oficina xestora, tras verificar que o pago fíxose na cuantía correcta, deixara constancia da verificación no impreso de declaración.

2. Nos supostos de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o Imposto xestiónase a partir do Padrón anual do mesmo.

As modificacións do padrón fundamentaranse nos datos do Rexistro de Tráfico e nas Comunicacions da Xefatura de Tráfico relativas a altas, baixas, transferencias, reformas dos vehículos, sempre que se altere a súa clasificación a efectos deste Imposto, e cambios de enderezo.

O padrón do Imposto expoñerase ao público por un prazo dun mes para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formulalas reclamacións oportunas. A exposición ao público do Padrón anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e anunciarase publicamente no Boletín Oficial de la Provincia e no tablón de anuncios do Concello.

Finalizado o prazo de pago voluntario sen que la débeda fora satisfeita, iniciarse o período executivo de recadación, o que comportará o devengo do recargo do 20% do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondentes. O devandito recargo será do 5% cuando a débeda se ingrese antes de que fora notificada a providencia de constrinximento e do 10% cando se ingrese a totalidade da débeda non ingresada en periodo voluntario e o propio recargo antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Sen embargo, unha vez abonada a cota do Imposto, se algún contribuínte estimase que ten dereito á devolución poderá solicitala dentro do prazo determinado ao efecto e por algunha das causas previstas na Lexislación vixente.

O Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2001, adoptou o acordo de delegar na Deputación Provincial as facultades de xestión, inspección e recaudación voluntaria e executiva deste imposto .

Artigo 12º . Xustificación do pago do imposto.

1. Quenes soliciten ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación ou certificación de aptitud para circular dun vehículo, deberán acreditar previamente o pago do imposto.

2. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a súa reforma, de xeito que se mude a súa clasificación a efectos deste imposto , así como tamén nos caso de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou da baixa dos citados vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pago do último recibo presentado ó cobro do imposto , sen perxucio de que sea esixible por vía de xestión e inspección o pago de tódalas deudas polo citado concepto devengadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúanse da referida obriga de acreditación no suposto de baixas definitivas de vehículos con máis de 15 anos de antigüidade .

3. As Xefaturas Provinciais de tráfico non tramitarán os expedientes si non se acredita o pago do imposto , nos termos establecidos nos apartados anteriores.

Artigo 13º .Infraccións e sancións.

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da LXT.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal

Disposición derogatoria única

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal nº 3-I, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada definitivamente no BOP nº 6 de 09/01/2007.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello do Brión en sesión celebrada o 24 de novembro de 2008 (modificación) e entrará en

23/03/2009

Edicto - Boletín Nº 66. Lunes, 23 de...

sesión celebrada o 26 de novembro de 2.008 (modificación) e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

No caso de modificacións parciais desta ordenanza fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Brión, a 14 de novembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo.: José Luís García García

Reg. 09/3219-x